

# XORNADA

## Impulsando a innovación no sector lácteo

Campus Terra (Lugo)



## Impulsando a innovación no sector lácteo galego mediante a colaboración universidade-empresa



01 febreiro 2023



10.00 horas



Edificio CACTUS, Campus Terra (Lugo)

A Comisión de Innovación do Clusaga organiza esta actividade en colaboración co Campus Terra (Universidade de Santiago de Compostela) para fomentar colaboracións no ecosistema galego de innovación agroalimentaria.

As empresas participantes nesta xornada, dirixida ao sector primario –principalmente leiteiro– e á industria láctea, terán oportunidade de coñecer de primeira man as capacidades do Campus Terra da USC.

O Campus Terra é un campus de especialización que nace coa intención de transformar o campus da Universidade en Lugo nun referente científico e social nos ámbitos de coñecemento vinculados á sustentabilidade económica, social e medioambiental do uso da terra.

A xornada inclúe breves presentacións para pór en común as fortalezas e capacidades de investigación do Campus, así como os intereses e prioridades das empresas. Tamén se expoñerán os programas de financiamento dispoñibles para incentivar a colaboración universidade-empresa.

Alén, realizarase un obradoiro colaborativo para que as empresas e grupos de investigación participantes poidan interactuar e procurar oportunidades concretas de colaboración.

### Máis información

✉ [industria@clusaga.org](mailto:industria@clusaga.org)

☎ 881 023 853

[FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN](#)

## PROGRAMA

09:45 **Recepción de asistentes**

10:00 **Benvida e presentación da xornada**

Elvira López | Delegada do reitor para Campus Terra

Roberto Alonso | Xerente do Clusaga

Sergio Martínez | Presidente da Comisión de Innovación do Clusaga

10:15 **Capacidades do Campus Terra en agroindustria e produción primaria aplicables ao sector lácteo**

• Ramiro Fouz | Dpto. Producción Animal: *Saúde e benestar en vacún de leite: Implicacións do momento da separación das crías tralo nacemento*

• Fernando Pardo | Dpto. Departamento de Electrónica e Computación: *IoF (Internet of Farms): Monitorización de parámetros ambientais en granxas de vacún*

• Patricia López | Aula de Produtos Lácteos e Tecnoloxías Alimentarias: *Algas mariñas como ingredientes funcionais en produtos lácteos*

• Manuel Vázquez | Dpto. Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía: *Investigacións novidosas: transglutaminasa e envases biodegradables*

• Sandra Castro | Dpto. de Organización de Empresas e Comercialización: *O papel do marketing dixital no sector alimentario*

10:45 **Intereses e prioridades das empresas galegas no sector lácteo**

• Ángel Pereira | CIO de Galacteum: *Intereses e prioridades en produción láctea* (pendente de confirmación)

• Sergio Martínez | CEO de Innolact: *Intereses e prioridades na industria láctea*

• Iván Cid | CEO de PSVET: *necesidades tecnolóxicas na produción primaria*

11:15 **Convocatorias existentes para proxectos colaborativos e experiencias previas do Clusaga**

• Noelia Dosil | coordinadora da área de innovación do Clusaga

11:25 **Café-obradoiro de oportunidades de colaboración**

12:45 **Visitas, a escoller unha**

• Visita A: Aula de Produtos Lácteos e Tecnoloxías Alimentarias

• Visita B: Tastelab

13:50 **Finalización da xornada**